

# Frescura

Punver · Yolanda Castaño · Galaxia, 2006 · 25 páx. · 8,60 euros

**A**intrépida Yolanda Castaño, logo da última publicación do seu *O libro da egoísta* na editora madrileña Visor (referente indiscutíbel no ronsel do verso), acaba de tirar do prelo o que é a súa primeira incursión nas letras para o público máis novo: *Punver*. Atrevido, cun punto provocador (ao igual cá súa creadora), o protagonista é un vermiño punki decidido a percorrer o mundo, mentres seus pais esperan preocupados polas aventuras do fillo. No fondo, co relato de Punver asistimos unha vez máis á clásica viaxe arriscada que o heroe teima en emprender a pesar da desaprobación familiar, para ao final decatarse de que debe andar con máis tino.

Tino do que carecen tamén algunas das rimas ideadas pola autora, quizais demasiado forzadas. Este feito non deixa de amosar a complicada tarefa que é facer partícipes aos cativos e cativas do xogo que se establece nos poemas (aínda que, coma

neste caso, sexan narrativos). A pesar de que Yolanda non acadase nesta horta a excelencia á que chegaron autores de noso como Gloria Sánchez (que tan libremente brinca coas palabras), este libriño ten a maxia de ser unha fermosa ousadía da que sobresae, por enriba de todo, o seu protagonista. Vestido con *chupa* de coiro e pantalón de cadros, con cinto de cravos incluído, a súa frescura será do

gusto do lectorado de entre 5 e 6 anos e facilitaralles o traballo aos mediadores. As ilustracións de Eduardo Hermida e o deseño de Fausto Isorna móvense acertadamente entre o mundo real e o mundo do ensoño, e fan desta obra unha peza moderna (quizais demasiado) e colorista, que nos fai pedir a grandes e pequenos que Punver apareza de novo para refrescar os nosos días grises.

